XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL A FARIXA

DINAMIZA FARIDCA

INSTRUCIÓNS E BASES DO CONCURSO DE CABAZAS DO SAMAÍN 2026.

1. Poderá participar todo o alumnado matriculado no CIFP A Farixa no curso 2026-2027.
2. Os cabazos serán modificados/decorados no propio centro, entre as 10 e as 11:00 do día **30 de outubro** diante da cafetaría do instituto.
3. Os cabazos serán proporcionados polo centro.
4. Para participar no concurso é **obrigatorio apuntarse previamente**, contestando no foro de Dinamiza Farixa e indicando nome, apelidos, curso e ciclo no que a/o alumna/o está matriculada/o. Este punto é de especial importancia porque hai que conseguir os cabazos con suficiente antelación. **A data límite para apuntarse é o 27 de outubro, martes**.
5. A participación estará limitada, por motivos loxísticos, ás dez primeiras persoas que se anoten.
6. As **votacións** para escoller ao cabazo gañador faranse a través do seguinte código QR.
7. Poderá participar nas votacións todo o alumnado matriculado no centro durante o presente curso, o profesorado e o persoal laboral.
8. As persoas participantes dan o seu **consentimento** para publicar nas redes sociais do centro e de Dinamiza Farixa fotografías e/ou vídeos que recollan o proceso de decoración das cabazas e/ou as obras en si mesmas.
9. A **persoa gañadora** recibirá unha notificación no mesmo correo electrónico empregado para apuntarse no concurso.
10. A persoa gañadora levará como **premio** a obra de banda deseñada "Cousas de mortos", da Editorial Demo, e un **vale de 30 €** para cambiar en librarías, tendas de equipamento informático, Nikis, Lobishome…
11. En caso de **empate**, os membros do EDLG decidirá quen é a persoa gañadora.
12. Os premios poderán quedar desertos se a calidade dos traballos non acada uns mínimos.

O incumprimento ou non aceptación de calquera punto destas bases suporá a non consideración do traballo presentado a concurso.

O Coordinador do EDLG:

Asdo. Diego Bustillo de la Fuente.

DINAMIZA FARIDCA
Equipos de Dinamización da Lingua Galega